



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL E/OU PATOLOXÍAS AFÍNS (ASPACE GALICIA), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL E DO MANTEMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (Federación ASPACE Galicia) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2021. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase Federación ASPACE Galicia dende o 1 de xaneiro de 2021 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración para o mantemento da federación e das actividades que ASPACE Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2021 dirixidas á atención das persoas con parálise cerebral e ás súas familias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase en que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Federación ASPACE Galicia aparece reflectida como beneficiaria individualizada no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2021 así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con Federación ASPACE Galicia para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas coa atención a persoas con parálise cerebral e as súas familias e co mantemento da entidade Aspace Galicia.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se fixa a súa estrutura orgánica, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

